

Programa de Voluntariado Interxeracional

"Rede Galega de Oficios Vivos"

O vindeiro **sábado 12 de setembro** celebrarase en **Teo** unha nova xornada do Programa de Voluntariado Interxeracional "**Rede Galega de Oficios Vivos**", unha iniciativa gratuíta da **Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude da Xunta de Galicia** destinada á recuperación e transmisión dos oficios tradicionais, poñendo en valor o seu potencial como oportunidade de emprego e autoemprego.

As xornadas están dirixidas principalmente a **persoas maiores de 55 anos e a mozas e mozos de entre 16 e 35 anos**, aínda que tamén poderán participar persoas de ata 54 anos. Cada xornada contará cun máximo de **16 persoas voluntarias organizados en parellas**, o que favorece o intercambio de coñecementos entre **xeracións**.

A actividade terá lugar na **Casa Común de Ribas, Oza**, situada en **Ribas, 12, 15883, A Coruña**, en horario de **10:00 a 14:00 horas e de 16:00 a 20:00 horas**, con pausa de 14:00 a 16:00 horas para comer.

Durante a xornada, as persoas voluntarias achegaranse ao **oficio tradicional da cestería**, da man da artesá **Belén Leiro**, coñecendo a súa traxectoria profesional e realizando unha breve aproximación á historia e á situación actual da cestería tradicional galega. Presentaranse diferentes pezas, materiais e proxectos do obradoiro, así como as posibilidades que ofrece actualmente a artesanía para o desenvolvemento profesional e o autoemprego.

Pola tarde, as persoas voluntarias coñecerán os **materiais e ferramentas básicas da cestería**, asistirán a unha demostración dalgunha técnica e realizarán unha **pequena práctica para familiarizarse directamente cos materiais**. A xornada rematará cun espazo de reflexión e intercambio sobre a experiencia.

A actividade terá un carácter **participativo e interxeracional**, combinando explicacións, demostracións e práctica directa, e poñendo en valor aspectos fundamentais do oficio como o respecto polos materiais, a dedicación, a creatividade e a innovación como vías para manter vivos os oficios tradicionais e proxectos cara ao futuro.

A participación é **gratuíta, pero as prazas son limitadas**.

As persoas interesadas poden formalizar a súa inscrición na seguinte ligazón:

<https://voluntariadogalego.org/plans-e-programas/plan/programa-de-voluntariado-interxeracional-rede-galega-de-oficios-vivos>